



## **ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZ DE XULLO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

### **SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D<sup>a</sup>. MARGARITA DEVESA CARDELLE  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos do día dez de xullo de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

### **ORDE DO DÍA**

#### **1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e dous de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

#### **2º.- Instancias de obras de particulares**

2.1.- Instancia núm. 201200000001016 de don Jorge Cerdeira Louro.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para acometida á rede municipal de saneamento en Nande –San Fins de Sales.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda :

1º.- Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: para a execución da acometida construírse unha arqueta de rexistro pegada á liña de peche e situada na vía pública; o conduto irá transversal á rúa dende a arqueta ata o sumidoiro ou preferiblemente ao pozo do rexistro; tanto a arqueta como o conduto terán sección suficiente para permitir o seu correcto funcionamento; a acometida deberá conducir separadamente as augas pluviais e as residuais; o efluente deberá reunir as condicións fisicoquímicas que se especifican no Regulamento de vertidos municipal; a arqueta deberá ser dun deseño e forma que permita a toma de mostras do efluente e deberase proceder á reposición do pavimento deixándoo nas mesmas condicións nas que se atopaba.

2º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.2.- Instancia núm. 201200000000960 de dona M<sup>a</sup> Hermitas Rosario Castro Tato.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Teo, solicita licenza para a reconstrución dun alpendre situado en Noceda –Trobe, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1), cunha ocupación máxima inferior ao 50% da parcela neta; núm. Plantas B; Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente máximo de 0,40 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don José Manuel Pena Alonso cun orzamento de 12.587,46 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza, debendo levar a cabo as obras de acordo co proxecto presentado.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos cincuenta e un euros con setenta e cinco céntimos (#251,75#)

2.3.- Instancia núm. 201200000000968 de don Jesús González Corbelle.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construción dunha nave para almacén de alimentos e apeiros, en Marzán de Abaixo, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), cunha ocupación máxima inferior ao 20% da parcela neta; altura máxima da cornixa menor a 7,00 m., segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Juan M. Hermida Vázquez cun orzamento de 37.260,75 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e en cumprimento do artigo 104 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setecentos corenta e cinco euros con vinte e dous céntimos (#745,22#)

2.4.- Instancia núm. 201200000000963 de don Alfredo Couto Trazar.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio de aproximadamente 90 m<sup>2</sup> en planta, consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella, situado en Cimadevila, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se



alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e seis euros con dezasete céntimos (#96,17#)

2.5.- Instancia núm. 201100000001791 de don José Aldrey Fernández.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio San Xián de Sales, solicita licenza para a construción dun alboio doméstico para dúas eguas, no lugar de Matelo, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), cunha ocupación máxima inferior ao 20% da parcela neta; altura máxima da cornixa menor a 7,00 m. , segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Ballet García, cun orzamento de 1.429,91 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do informe xurídico e do informe do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; a fosa de zurros gardará a distancia mínima dos 5 m. dos estremeiros e 6,00 m. respecto do vial establecido polo PXOM e a lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.6.- Instancia núm. 201200000000371 de María Rocío Garaboa Iglesias.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar situada en Laraño, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1), cunha ocupación máxima inferior ao 50% da parcela neta; núm. Plantas B+1+A. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,40 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Fernando Palomino Barba cun orzamento de 70.000 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda :

1º.-Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona; de acordo co artigo 29 da citada lei deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a



preceptiva autorización de Augas de Galicia. Ademais a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3,00 m. debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais.

2º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos (81,00 m<sup>2</sup>).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil catrocentos (#1.400,00#) euros

2.7.- Instancia núm. 201200000000940 de dona Sonia Gómez Nadal e don Rafael Carrillo Tejo ( expediente número 2012/U007/000005).

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expoñen que con data 21/12/2010 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Galegos (nº 35) (licenza número 2010/008/000021), e rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicitan a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda concederlles a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros

2.8.- Instancia núm. 201200000000975 de don Odón C. Cobas García.

Dáse conta da citada instancia na que se expón que no proxecto presentado para a licenza de parcelación de finca sita na parroquia de San Cristovo de Merín, concedida a pedimento de dona Purificación Castela Pérez, pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 26 de xullo de 2011, os datos de superficie das parcelas non estaban correctos polo que achega anexo de data 19 de xuño de 2012, asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco J. Bellet García, e solicítase a modificación da licenza de parcelación concedida.

A Xunta de Goberno Local acorda modificar nos termos da nova documentación presentada e de data 19 de xuño de 2012 a licenza de parcelación concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 26 de xullo de 2011, a Purificación Castela Pérez, mantendo o acordo nos termos non modificados polo anexo agora presentado.

**3º.- Acordo, se procede, sobre declaración de incursión en situación de fóra de ordenación de edificacións.**

3.1.- Instancia núm. 201200000000553 de don Manuel García Pazos.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado con domicilio en Ponte Ulla, solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total para a nave da súa propiedade situada no lugar de Figueiredo, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto técnico don Jesús Estévez Loureiro.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de



modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total para a nave da súa propiedade situada no lugar de Figueiredo -Ponte Ulla (nº 19) nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de dous mil catrocentos dez euros con tres céntimos (#2.410,03#)

### 3.2.- Instancia núm. 201200000000538 da AA.VV O Soutelo de Merín.

Dáse conta da citada instancia na que don Higinio Carreira González , en representación da AA.VV O Soutelo de Merín, solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total do cemiterio sito en Merín, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo enxeñeiro técnico agrícola don Rafael Señarís González.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total o cemiterio sito en Merín nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de cincocentos dezanove euros con trinta e cinco céntimos (#519,35#)

### **4º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas para a prestación do servizo de xestión de instalacións e actividades do pavillón municipal.**

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o trinta e un de xaneiro de dous mil doce acordou aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación do contrato de xestión das instalacións e actividades do pavillón municipal, mediante procedemento negociado sen publicidade, por un período de 1 ano.

Debido ás circunstancias sobrevidas e para unha mellor eficiencia na prestación do servizo considerouse oportuno licitar o contrato cun prazo de duración superior ao ano, polo que con data 26 de marzo de dous mil doce a Xunta de Goberno acordou prorrogar o contrato asinado coa empresa Grupo Acofide, S.C ata a adxudicación do novo contrato mediante procedemento aberto.

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Deixar sen efecto o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a adxudicación do contrato mediante procedemento negociado



2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a adxudicación do citado contrato mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, cun prazo de duración de catro anos.

**5º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas para a prestación do servizo privado de fisioterapia con cesión de uso de local municipal.**

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a adxudicación do contrato administrativo especial, cuxo obxecto é a prestación do servizo privado de fisioterapia con cesión de uso de local municipal, mediante procedemento negociado sen publicidade.

A Xunta de Goberno acorda aprobar os citados pregos.

#### **6º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia**

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data quince de xuño do ano que andamos, pola que se ordena que se proceda a extinguir o contrato con dona M<sup>a</sup> Belén González Gestoso por causas económicas e organizativas con data 30/06/12, poñendo a disposición da mesma a indemnización correspondente.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.2.- Dáse conta de Resolucións da Alcaldía de data trece de xuño do ano que andamos, polas que se aproban o cadro de características dos contratos de obras consistentes nas obras de Ampliación da rede de abastecemento en A Gándara (12.2100.0218.0) e ampliación da rede de abastecemento na parroquia de Vedra e acometidas á Casa do Concello, Pavillón Polideportivo e CPI de Vedra (12.2100.0217.0), incluídas ámbalas dúas no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2012).

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.3.- Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data vinte e cinco de xuño do ano que andamos, pola que se designan os candidatos admitidos e excluídos, Mesa de Selección, e día, hora e lugar de celebración das probas para a contratación dun axudante do servizo de recollida de lixo nos meses de xullo e agosto para a cobertura do período de vacacións dos traballadores do servizo.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de xuño do ano que andamos, pola que en relación co expediente instruído en relación á situación na que se atopa a parcela nº 518 do plano de catastro de rústica deste concello, sita en Reboredo e propiedade de don José Rendo González, comunícaselle a este que unha vez executadas as obras de consolidación de edificación solicitadas deberá comunicarllo ao concello para o arquivo das actuacións obxecto do expediente.

A Xunta de Goberno dáse por informada.





6.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de xuño do ano que andamos, pola que se ordena que se proceda á extinción do contrato coa fisioterapeuta dona María Rocio González Martínez por causas económicas e organizativas con data 23/07/212, poñendo a disposición da traballadora a indemnización correspondente.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de xuño do ano que andamos, pola que en función das puntuacións obtidas e da proposta do tribunal cualificador, ordénase a contratación de don Rubén Nieto Rico como axudante de recollida de lixo dende o 02/07/2012 ao 05/09/2012.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de xuño do ano que andamos, pola que se aproba o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra de Ampliación da rede de abastecemento en A Gándara , autorizar o gasto con cargo á partida 161-609 do estado de gastos e solicitar ofertas a tres empresas capacitadas.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.8.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de xuño do ano que andamos, pola que se aproba o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra de Ampliación da rede de abastecemento na parroquia de Vedra e acometidas á Casa do Concello, pavillón Polideportivo e CPI de Vedra , autorizar o gasto con cargo á partida 161-609 do estado de gastos e solicitar ofertas a tres empresas capacitadas.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

## **7º.- Outros asuntos**

7.1.- Solicitud de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Dáse conta da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 30 de maio de 2012, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012 (DOG núm. 112/12, do 13 de xuño).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda segundo memoria elaborada ao efecto.

7.2.- Aprobación da liquidación achegas 2011-2012 transporte metropolitano de Galicia.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta da seguinte liquidación remitida pola Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas correspondente ás achegas do exercicio 2011-2012 do transporte metropolitano de Galicia:

CONCELLO	VEDRA
Programa de tarifas 2011 (segundo convenio)	2.677
Gasto real 2011 imputado ao concello	4.037,37
Diferenza entre achega e gasto real	-1.360,37
Programa tarifas axustado a viaxes reais	-4.241,66
ACHEGA 2012 (Déficit/Superávit 2011+2012)	5.602,03

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada liquidación.

7.3.- Escrito núm. 201200000001073 de dona Esperanza Lema Bouzas.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, expón que a Casa Galicia de Madrid vai presentar no mes de xaneiro do vindeiro ano unha exposición antolóxica da súa obra, con 60 cadros e 18 esculturas en pedra, madeira e barro, e na mesma vaise presentar un libro, en galego e castelán, sobre da súa traxectoria artística dende os seus comezos ata o día de hoxe, no que se recolle cadros, fotografías das obras, críticas e comentarios da súa obra, colaborando na mesma o Concello de Teo, coas traducións necesarias a cada texto, a Deputación da Coruña coa impresión de 700 exemplares e reprodución das fotografías a toda cor, a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e o Concello de Boqueixón co traslado das obras dende Vedra a Madrid, polo que solicita a colaboración do Concello de Vedra neste proxecto.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda para a reprodución fotográfica profesional cun límite de 60 obras e un importe de mil catrocentos dezaseis (#1.416,00#) euros, IVE engadido.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e vinte minutos.